

## RDL 670/1987 RÉXIME DE CLASES PASIVAS DO ESTADO

### Artigo 32. Servizos efectivos ao Estado.

1. A todos os efectos de Clases Pasivas e, en especial, aos dos artigos 28, 29 e 31 deste texto, entenderanse como anos de servizo efectivo ao Estado aqueles que:

a) **O persoal comprendido neste capítulo permaneza en servizo activo nalgún corpo, escala, praza, emprego ou categoría.**

b) O persoal de que se trata teña permanecido en situación de servizos especiais e nas extinguidas de excedencia especial ou supernumerario, así como en situación de excedencia forzosa e nas situacións militares que resulten legalmente asimilables a todas estas.

c) **O persoal de que se trata teña recoñecidos ao abeiro da Lei 70/1978, de 26 de decembro,**

e) **O persoal de que se trata teña recoñecidos como de cotización a calquera Réxime público de Seguridade Social** ou substitutorio deste ou á Mutualidade Nacional de Previsión de Administración Local, **sempre que, no seu caso, a prestación laboral que dera orixe aos mesmos non sexa simultánea á de servizos ao estado.** Se os anos de cotización que se abonen deste modo no Réxime de Clases Pasivas deran dereito a pensión ao interesado en calquera dos rexímenes de previsión alleos, a pensión de Clases Pasivas en que se abonaran aqueles será incompatible coa outra que puidera corresponder e na que se computaran tales anos de cotización.

g) O persoal de que se trata teña recoñecidos a efectos de Seguridade Social doutros países cando exista, a tal efecto, Convenio ou Regulamento Internacional aplicable polo Réxime de Clases Pasivas, e nos termos e condicións que resulten dos mencionados instrumentos internacionais e das normas regulamentarias que foran aplicables ao caso.

3. Sen prexuízo do dito na letra b) do número 1 deste precepto, non se entenderá como de servizos ao Estado, aos efectos indicados ni número 1 do presente artigo, o tempo que permaneza o persoal correspondente en filas prestando o servizo militar obrigatorio nin o tempo equivalente a este, se prestara dito servizo militar en calquera outra forma ou sendo alumno dalgunha Escola ou Academia Militar. Tampouco se entenderá como de servizos ao Estado, aos efectos indicados, o tempo de permanencia do persoal correspondente no desempeño da prestación social substitutoria.

**O tempo que exceda dos períodos mencionados no parágrafo anterior e que permaneza o persoal de que se trata prestando o servizo militar ou como Cabaleiro Cadete, Alumno ou Aspirante de Escolas e Academias Militares entenderase, a todos os efectos, como de servizos ao Estado, que se considerarán prestados como Clase de Tropa ou Mariñeiría.**

## ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO. LEI 7/2007

### Artigo 89. Excedencia

4. Os funcionarios de carreira terán dereito a un período de **excedencia** de duración non superior a tres anos **para atender ao coidado de cada fillo**, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou cada menor suxeito a garda con fins de adopción ou acollemento permanente, a contar dende a data de nacemento ou, no seu caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de **excedencia** de duración non superior a tres anos, **para atender ao coidado dun familiar** que se encontre ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

**O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación.** O posto de traballo desempeñado reservarase, polo menos, durante dous anos. Transcorrido este período, dita reserva o será a un posto na mesma localidade e de igual retribución.

## BENEFICIOS POR PARTO E COIDADO DE FILLOS Artigos. 235 e 236 da LXSS